## Exercicios de apoio

Exercicios de realización libre. Coa realización destes exercicios preténdese que sexas ti mesmo/a quen esquematices ou resumas coas túas propias palabras os contidos de cada aspecto teórico. Por isto, podes elaborar unha táboa de modo que representes mellor cada concepto complexo da unidade. Ademais, estes exercicios tamén tratan de facerche ver a utilidade dos recursos esquemáticos e sintéticos para concentrar a información, e o interese que posúen como método de estudo e recuperación da información. De todas as maneiras, sempre se dá unha solución ou, polo menos, un modelo para orientarte.

**1.-** Documéntate e escribe unhas liñas sobre as *Festas Minervais.*

**2.-** Indica o tema da obra o *Entremés famoso sobre da pesca no río Miño.*

**3.-** Sitúa correctamente os séculos escuros.

**4.-** Dá unha definición sinxela de séculos escuros.

**5.-** Documéntate e escribe dez liñas sobre o significado do Rexurdimento no panorama da nosa literatura.

**6.-** Documéntate e escribe dez liñas sobre os tres grandes poetas do Rexurdimento.

**7.-** Podemos considerar o Século XIX como o gran século da poesía? Xustifica a resposta.

**8.-** Escribe cinco liñas sobre o significado de *Cantares Gallegos* no panorama da nosa poesía.

**9.-** Por que *Follas Novas* é unha obra universal? Contesta, xustificando a túa resposta.

**10.-** Cita as obras de Rosalía de Castro coas datas de publicación.

**11.-** Escribe dez liñas sobre os temas de *Cantares Gallegos*.

**12.-** Documéntate e escribe dez liñas nas que demostres que *Cantares Gallegos* inicia o chamado Rexurdimento pleno.

**Solución:**

**1.**

**Festas Minervais**: Eran unhas xustas poéticas na honra de Alonso de Fonseca. Para a literatura galega interesan as de 1697, pois destas consérvense sete romances en galego, contidos no libro *Fiestas Minervales y*

*Aclamación perpetua de las Musas a la inmortal memoria de D. Alonso de Fonseca, El Grande*. Santiago, por Antonio Frayz. Año 1697.

**2.**

**Entremés famoso sobre da pesca no río Miño:** Primeira obra dramática da literatura galega, posiblemente de 1671, obra de Gabriel Feixoo de Araúxo, presenta humoristicamente as liortas entre portugueses e galegos pola quenda de pesca no Miño.

**3.**

**Séculos Escuros:** Adóitase dar como inicio desta etapa a data na que o Mariscal Pedro Pardo de Cela foi decapitado na praza maior de Mondoñedo no ano 1483 e como final o ano 1808, data na que comeza a Guerra de Independencia contra os franceses.

**4.**

**Séculos Escuros:** Coñecemos co nome de Séculos Escuros o período abranguido entre os séculos XV e XVIII, que se caracteriza pola case ausencia total de literatura escrita.

**5.**

**Rexurdimento:** Destacar que, despois do florecemento literario da lingua galega na Idade Media, se entrou nun longo período de varios séculos no que o galego non tivo tratamento literario, quedando relegado á fala das clases populares. Este estado de cousas comeza a cambiar nos albores do século XIX grazas a unha certa evolución ideolóxica e cultural que vai propiciar que a mediados dese século teña lugar o fenómeno que hoxe coñecemos co nome de Rexurdimento e que ten a súa data central en 1863, ano no que Rosalía de Castro publica o seu libro Cantares Gallegos.
**O Rexurdimento é o movemento de recuperación da lingua, da cultura e da literatura galegas que se produce ao longo do século XIX.**

**6.**

| | |
|---|---|
| **Rosalía de Castro** | A obra de Rosalía, coñecida e admirada internacionalmente, constitúe un dos fitos máis destacados da Literatura Galega de todos os tempos. Tanto en *Cantares Gallegos* como e *Follas Novas* destacan temas como a exaltación da paisaxe, de tradicións e tipos galegos, etc. Pero *Follas Novas* é fundamentalmente un libro dominado polo tema da saudade sen obxecto. |
| **Eduardo Pondal** | Procura a creación dunha mitoloxía que lle devolva ao pobo galego a conciencia da súa identidade como nación e mobilice unha forza colectiva que lle permita avanzar cara ao futuro. Os elementos básicos desta poesía patriótica de Pondal son: **o celtismo**, **o helenismo** e **o** |

| | |
|---|---|
| | **bardismo.** |
| **Manuel Curros** | É considerado o poeta cívico por excelencia, un loitador que pon a súa vida e a súa obra ao servizo das ideas e en contra de toda caste de inxustiza. É un home de firmes convicións e exemplar combatividade que mesmo lle ocasionaron moitos problemas persoais. Pero Curros gozou en vida dunha gran popularidade e estima e foi obxecto de multitudinarias homenaxes. |

**7.**

Despois do florecemento literario da lingua galega na Idade Media, podemos considerar que, coa publicación *Cantares gallegos,* que dá inicio ao chamado Rexurdimento pleno, a lírica é o xénero literario máis importante do Rexurdimento e os tres grandes poetas da época son **Rosalía de Castro**, **Manuel Curros Enríquez** e **Eduardo Pondal**. Destacan tanto polo volume da súa obra como polos temas tratados.

**8.**

**Cantares Gallegos:** Trátase dunha obra na que o pobo galego se viu retratado (desgrazas, espírito, festas, paisaxe, crenzas....etc). O éxito do libro débese á extraordinaria comuñón de Rosalía co seu pobo e, neste senso, podemos considerar os cantares como unha defensa do ser galego pero en dúas vertentes: fronte ós de fóra e fronte á súa propia autosubestimación. Podemos dicir que é un libro de defensa e redescubrimento da nosa propia identidade.

**9.**

**Follas Novas:** A novidade consiste en facer unha poesía de tipo metafísico coa saudade ontolóxica como gran tema, así como por ser unha poesía tamén de crítica social e até de reivindicación feminista. Até agora o galego só se consideraba unha lingua apropiada para poesía lírica de ton popular. Esta é a maior novidade de *Follas Novas* con respecto aos *Cantares Galegos* e proporciona a Rosalía un lugar na literatura universal. Parte da introspección do seu propio eu, para chegar a verdades xerais sobre a condición humana.

**10.**

| | |
|---|---|
| **Cantares Gallegos** | A saída á rúa deste poemario foi o17 de Maio de 1863. |
| **Follas Novas** | Publicado en 1880, pero a maioría dos poemas que nel aparecen forn compstos compostos entre 1868 e 1869. |
| **Conto gallego** | Apareceu postumamente, no ano 1923, e ten caráter popular e costumista. |

**11.**

**Temas de cantares gallegos:**
**1) Costumistas:** Teñen carácter descritivo e narrativo. Utilizan o humor como

recurso e neles faise unha descrición dos costumes, das crenzas, das romarías, etc. A autora aproveita esta temática para facer unha defensa da cultura popular galega.
**2) Amorosos:**Preséntanse como diálogos ou monólogos de namorados.
**3) Intimistas:** Neles a escritora amósase máis intimamente a través das súas lembranzas persoais e das súas vivencias.
**4) Social-Patrióticos:** Nestas composicións atopamos o espírito reivindicativo de Rosalía. Neles exprésase o drama da emigración, a miseria dos campesiños, a soidade da muller, e, en xeral, a marxinación na que vive Galicia.

**12.**

A saída á rúa de **Cantares Gallegos**, primeiro libro escrito integramente en galego, foi o día 17 de maio de 1863, e esta data é considerada como o inicio do **Rexurdimento pleno** e a consagración do galego como lingua literaria. É por isto que, cen anos despois, o 17 de maio foi instituído como data anual para a celebración do Día das Letras Galegas.
Para entender ben este libro é necesario considerar factores como o coñecemento que tiña a autora da música e da fala populares, aprendidas nos seus primeiros anos de estadía na aldea. A súa publicación é froito do clima europeo da época de reivindicación das culturas autóctonas, propiciado polo Romanticismo. O éxito de Cantares Gallegos foi grande e inmediato, dentro e fóra de Galicia.